



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa Lonza Biologics Porriño, S.L. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional, especialmente nas da familia Química

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa empresa Lonza Biologics Porriño, S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data de sinatura do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa Lonza Biologics Porriño, S.L. nos seguintes campos de actuación:

- a. Establecemento dun programa de formación en centros de traballo, para o alumnado que curse formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións da empresa Lonza Biologics Porriño, S.L..
- b. Promoción de ensinanzas de formación profesional da familia química: ciclo formativo de grao superior Química Industrial.
- c. Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- d. Creación dun programa de bolsas de formación por parte da empresa Lonza Biologics Porriño, S.L..
- e. Promoción e difusión destas ensinanzas, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado de formación profesional.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Que a empresa Lonza Biologics Porriño, S.L. se dedica o desenvolvemento e fabricación de produtos farmacéuticos e biotecnolóxicos.
- Que no Centro Integrado de Formación Profesional Manuel Antonio de Vigo, impártese o ciclo formativo de grao superior Química industrial, polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial.
- Que desde o ano dous mil catorce xa se ven mantendo esta colaboración a través do convenio asinado o vinte un de febreiro de dous mil catorce e as posteriores addendas.
- No interese da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da empresa Lonza Biologics Porriño, S.L. en continuar coa colaboración, establecida no convenio asinado no dous mil catorce, e garantir que a formación se realice nas mellores condicións e cos equipamentos máis actuais e, así adecuar a formación profesional ás demandas e necesidades deste sector.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

